

## Laura e a randeeira espacial

de Rocío Ovalle

30 de novembro ás 17.30 h, na Fábrica

Un contacontos sobre unha nena forte e curiosa que quere ser astronauta, e ten unha randeeira coa que cada quen chega tan alto como é capaz de soñar. As crianzas asistentes interactúan para descubrir os seus propios soños e estratexias para facelos realidade.

O contacontos estará acompañado dun obradoiro para os máis maiores e con prazas limitadas, no que se realizará un mapa cara aos soños, unha actividade complementaria para as nenas e nenos de 4 a 6 anos.

**Persoas destinatarias:** familias con nenas e nenos de 3 a 6 anos

**Duración:** 40 minutos (contacontos) + 50 minutos (obradoiro)

**Inscripcións:** a partir do 25 de novembro



Reserva a túa praza para o espectáculo a través do formulario habilitado o día marcado desde as 10.00 horas. As prazas outorgaranse por orde de inscrición, tendo preferencia os dous primeiros días as familias inscritas no Apego de Oleiros.

## Concerto de Chuches Amil (dúo)

14 de decembro ás 18.00 h, na Fábrica

As cancións de Chuches Amil soan brillantes, independentemente do músico convidado en calquera ocasión: Fran Amil cantando e tocando a guitarra acústica e/ou a batería electrónica, unha saxofonista, tecladista ou guitarrista eléctrica. Diferentes sonoridades para descubrir que as mesmas cancións soan distintas e engaiolantes, porque a súa forza primixenia e orixinal resiste calquera variación ou mutación.

**Persoas**

**destinatarias:** familias con nenas e nenos de 3 a 6 anos

**Duración:** 50 minutos

**Inscripción:** a partir do 9 de decembro



Aínda non formas parte do Apego? Apego vai dirixido a vós, ás familias con nenos e nenas ata 6 anos. Queremos axudarnos a socializar en galego e propoñer vos o uso da lingua galega para crear vínculos coa familia. Infórmate no Servizo de Normalización Lingüística, a través do correo [lingua@oleiros.org](mailto:lingua@oleiros.org).



Concello de  Oleiros



# Un outono con apego 2024



Concello de  Oleiros

## Obradoiro de Disciplina Positiva

Impartido por **Andrea Martínez**

**21 de setembro e 5 de outubro de 11.00 a 13.00 h no Centro Municipal de Formación Isaac Díaz Pardo**

Andrea Martínez Quiroga é mestra, educadora de familias, veciña de Santa Cruz, que forma parte do Apego e con este obradoiro achéganos ás familias o seu saber e a súa paixón, a disciplina positiva.

A disciplina positiva é un modelo educativo para entender o comportamento das crianzas e para guialas no seu camiño dunha forma que sexa afectiva e firme, tanto para a persoa adulta como para os nenos e nenas. Neste obradoiro trataranse diferentes contidos, como límites, consecuencias, enfoque baseado en solucións e alento.

**Persoas destinatarias:** nais e pais de nenas e nenos de 0 a 6 anos

**Duración:** 2 horas (cada sesión)

**Inscripcións:** a partir do 16 de setembro

## Danzando co outono: movemento, lingua e Apego

de **Laura Martínez**

**5 de outubro ás 17.00 e ás 18.00 h na Fábrica**

Conectaremos co outono a través dos seus olores, dos seus



Danzando co Outono



produtos, da súa chuvia...; con palabras, cancións, música e moito movemento; para converternos en follas que danzan no vento, castañas ou fermosas formas de chuvia, desde o orballo ata a treboada, explorando a través do noso corpo, compartindo e divertíndonos en familia, poñendo a nosa lingua en movemento.

**Persoas destinatarias:** familias con nenas e nenos de 0 a 3 anos

**Duración:** 50 minutos

**Inscripcións:** a partir do 30 de setembro

## Obradoiro de olería: Un outono de barro

**19 e 26 de outubro, ás 11.00 h e ás 12.30 h nas Torres de Santa Cruz, recollida de pezas o 8 de novembro de 16.30 a 17.30 h**

Son moitos os produtos que podemos ver no outono: os cogomelos, as landras, as castañas, as cabazas... Iremos coñecer esta estación e a través da olería darémoslle forma á nosa peza relacionada con esta época. Son tres sesións por quenda, na primeira quenda, ás 11.00 h, participarán as familias con nenos e nenas de 0 a 3 e na segunda, ás 12.30 h, participarán as familias con nenas e nenos de 3 a 6 anos.

**Persoas destinatarias:** familias con nenos e nenas de 0 a 6 anos

**Duración:** 60 minutos

**Inscripcións:** a partir do 14 de outubro

\* As familias que participen neste obradoiro non terán preferencia para a inscrición no obradoiro de olería Adornando o Nadal.



## Concerto de Pitusa Semifusa

**20 de outubro, ás 12.30 h, na Fábrica**


Ven coñecer con Pitusa Semifusa os instrumentos da gran familia da música. E a cantar e bailar con ela. Coa rapaza máis cantareira que nunca houbo no mundo.

Pitusa Semifusa é un mollo de cancións de Olga Brañas protagonizadas por unha nena dese mesmo nome, neta dunha famosa directora de orquestra. Pitusa, a avoa e o irmán de Pitusa irán explicándolles ás cativas e aos cativos as familias de instrumentos musicais nun espectáculo participativo, divertido e didáctico.

**Persoas destinatarias:** maiores de 3 anos

**Duración:** 60 minutos

**Inscripcións:** a partir do 14 de outubro



## Contos de medo que deixan durmir

de **Caxoto**

**26 de outubro, ás 18.00 h, na Fábrica**

Galicia somos unha potencia na creación de contos do paranormal. Neste espectáculo achégámonos á nosa esencia máis escura para poñerlle un chisco de luz e achegala ás nenas e nenos de todas as idades sen que iso lles quite o sono.



Un espectáculo para rirse do medo e deixarse levar ao embruxamento das antigas lareiras e gozar dos contos de medo... que deixan durmir.

**Persoas destinatarias:** familias con nenas e nenos de 3 a 6 anos

**Duración:** 60 minutos

**Inscripcións:** a partir do 21 de outubro

## Viaxando con anduriñas: ritmos na selva

de **Laura Martínez**

**9 de novembro, ás 17.00 e ás 18.00 h, na Fábrica**

Dúas anduriñas aventureiras deciden explorar mundo e ir máis alá na súa viaxe migratoria cara ao sur. Tras cruzar unha forte tormenta, acaban na selva, onde descubren todo un mundo novo de sensacións, ritmos e movementos, así como a riqueza da amizade sen fronteiras. Un danzaconto que nos convida a viaxar desde terras galegas ata a Selva do Congo a través do movemento e a música, soñando paisaxes, sendo mar, vento, animais, raios, chuvia... escoitando, bailando e cantando.

**Persoas destinatarias:** familias con menores de 6 anos

**Duración:** 50 minutos

**Inscripcións:** a partir do 4 de novembro



## O Rato Pérez

A **Xanela do Maxín**

**16 de novembro, ás 18.30 h na Fábrica**

Rato Pérez é unha emocionante historia que narra a aventura deste famoso recolle-dentes. Enfrontándose a perigos e desafíos, Pérez debe atopar unha solución para o seu problema de almacenaxe de dentes sen deixar de cumprir coa súa misión vital.

Nesta comedia chea de acción, descubriremos o fascinante mundo do Rato Pérez e dos seres recolle-dentes. A importancia de manter viva esta tradición axuda a garantir dentes fortes e sans nas nenas e nenos.

**Persoas destinatarias:** familias con crianzas maiores de 3 anos

**Duración:** 50 minutos

**Inscripcións:** a partir do 11 de novembro



## Obradoiro de olería: Adornando o Nadal

**23 e 30 de novembro e 14 de decembro, ás 11.00 h e ás 12.30 h nas Torres de Santa Cruz**

Achégase o Nadal e con el o momento de adornar as nosas casas, neste



obradoiro crearemos adobíos para a nosa árbore. Son tres sesións por quenda, na primeira quenda, ás 11.00 h, participarán as familias con nenos e nenas de 0 a 3 e na segunda, ás 12.30 h participarán as familias con nenas e nenos de 3 a 6 anos.

**Persoas destinatarias:** familias con nenos e nenas de 0 a 6 anos e de 3 a 6 anos

**Duración:** 60 minutos

**Inscripcións:** a partir do 18 de novembro

\* Non terán preferencia as familias que participen no obradoiro Un outono de barro.

## Garavanciño

de **Bea Campos**

**24 de novembro de 2024, ás 11.30 e 12.30 h, na Fábrica**

Garavanciño é unha divertida e coitada proposta teatral para nenas e nenos con monicreques e cancións. Unha peza visual baseada nun dos contos clásicos da literatura infantil.

O pequeno Garavanciño préstase para axudar na casa, a súa nai nunca o deixaba saír só, pero ese día vai facer uns recados e comeza unha grande aventura para o pequeno da familia!

**Persoas destinatarias:** familias con nenas e nenos a partir de 1 ano

**Duración:** 40 minutos

**Inscripcións:** a partir do 18 de novembro

